

## ELECCIÓN Ó CONSELLO ESCOLAR

### CIRCULAR INFORMATIVA ÁS NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS

Continuando coa circular anterior, compre sinalar o seguinte.

A Xunta Electoral aprobou o censo definitivo de pais e nais válido para estas eleccións, e que figura exposto no taboleiro do Instituto.

Poderase facer campaña electoral ata a véspera das votacións. Os candidatos e candidatas, poderán solicitar ao presidente da Xunta Electoral as dependencias do centro para tal fin, quen o autorizará sempre que non interfira no normal funcionamento do centro.

As votacións realizaranse o **martes 29 de novembro**, de **16.00h a 18.30h**. A mesa electoral constituirase no mesmo día en acto público ás 15.55h.

Corresponde renovar **UN representante** de nais, pais ou titores legais de alumnos/as, que poderán elixir entre as seguintes candidaturas presentadas:

- F. M., Paula (\*\*0581\*\*)

A tal fin, o día das votacións estarán a súa disposición as papeletas correspondentes nas que cada elector/a poderá elixir un máximo dun nome da lista de candidatos presentados.

O voto será directo, secreto e non delegable, debendo acreditar a súa personalidade no momento de votar mediante a **presentación do D.N.I.** ou documento similar. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumno/a.

Poderán actuar como supervisores da votación as nais, pais ou titores legais de alumnos/as propostos pola ANPA ou os avalados pola sinatura de 10 electores.

Finalizada a votación, procederase ao escrutinio público dos votos emitidos.

Resultará electo o candidato/as de maior número de votos. O empate en número de votos dirimirase en favor do que posúa maior antigüidade no centro e, en caso de igualdade, a elección realizase por sorteo.

Contamos coa súa participación, que agradecemos anticipadamente.

A Coruña, 18 de novembro de 2022.

O Presidente da Xunta Electoral

## ELECCIÓN Ó CONSELLO ESCOLAR

### CIRCULAR INFORMATIVA AO ALUMNADO

Continuando coa circular anterior, compre sinalar o seguinte.

A Xunta Electoral aprobou o censo definitivo do alumnado válido para estas eleccións que inclúe a todos os alumnos e alumnas matriculados/as no centro no presente curso.

Poderase facer campaña electoral ata a véspera das votacións. Os candidatos e candidatas, poderán solicitar ao presidente da Xunta Electoral as dependencias do centro para tal fin, quen o autorizará sempre que non interfira no normal funcionamento do centro.

As votacións realizaranse o **martes 29 de novembro**, de **9.00h a 14.00h**. O alumnado das distintas clases irá votando de xeito ordenado e por quendas. A mesa electoral constituirase en acto público ás 8:50 h. no hall do instituto.

Corresponde renovar **DOUS representantes** de alumnos/as entre as candidaturas seguintes:

- B. B., Celia (1ºD)
- F. C., Carlos Brais (1ºD)
- M. Í., Uxía (1ºD)
- R. P., Loira (1ºD)
- S. P., Olivia Teresa (1ºD)

A tal fin, o día das votación estarán a súa disposición as papeletas correspondentes nas que cada elector/a poderá **elixir un máximo de UN** nome da lista de candidaturas presentadas. O voto será directo, secreto e non delegable.

Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos/as avalados pola sinatura de 10 electores e que así o soliciten a esta Presidencia.

Finalizada a votación, procederase ao escrutinio público dos votos emitidos.

Resultarán electos os dous candidatos/as de maior número de votos. Os empates en número de votos dirimirase en favor dos que posúan maior antigüidade no centro e, en caso de igualdade, a elección realizarase por sorteo.

A Coruña, 18 de novembro de 2022.

O Presidente da Xunta Electoral